



ZARAGOZA 380

Francisco Carballo

Ver, tocar documentos de arquivo é palpar poeira, é ulir tempos. Visitar en Zaragoza arquivos da antigüidade romano-cristiá axuda á analizar hoxe o cristianismo.

Paga a pena situar no tempo o concilio do 380, o primeiro a preocuparse do movemento “monacal” de Prisciliano, +385. No 380 acadaba o cristianismo do Imperio Romano gran número de crentes e, seguidamente, os decretos de Teodosio asentaban para séculos as relacións de alianza de Igrexa-Imperio. Un feito traumático en xestación desde Constantino. Contra tal alianza creceu o movemento monacal en Exipto, Próximo Oriente, que se estendeu por todas as demarcacións cristiás.

No Occidente é Martiño de Tours un mestre de monxes. Á vez surxe Prisciliano que se move no interior da península, na Lusitania, na Gallaecia etc. O seu modelo itinerante, ilustrado, resoa na península e preocupa os bispos da Bética e da Lusitania. Por que? Porque o monacato estaba enfrontado co Imperio e cos bispos imperiais. Gran parte dos monxes sentían indignación ao observaren aos bispos áulicos en constante querelas.

Chao Rego titulou a súa obra sobre Prisciliano “unha loita contra o poder”. Pérez Prieto, estuda a súa vida e estira a influencia ata o galeguismo do s. XX. É que Prisciliano significa a valentía da fidelidade ao cristianismo máis próximo aos apóstolos. Un cristianismo inexorabelmente inculturado na romanidade mais non submiso ao poder.

¿Poderemos ver un cristianismo actual desvinculado dos poderes, unha fraternidade de liberación, fiel á inspiración orixinaria e atenta ás urxencias humanas de igualdade e amor mutuo? Prisciliano é unha testemuña desaloita; a obra de Pérez Prieto é unha boa guía de superación de obstáculos e inspiración de viveiros na creatividade dunha fe que move montañas.●



¿Poderemos ver un cristianismo desvinculado dos poderes, unha fraternidade de liberación?”

